

## Premios extraordinarios de ESO ao rendemento académico. Convocatoria 2022-2023

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, co obxecto de recoñecer e valorar os méritos excepcionais baseados no esforzo e no traballo do alumnado que cursou cun excelente resultado académico a etapa de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, convoca os premios extraordinarios de ESO ao rendemento académico correspondentes ao curso 2022/23.

**Orde de convocatoria:** prema na seguinte [ligazón](#)

**Prazo de Solicitudes:** do 31 de maio ao 30 de xuño

**Premios:** Vinte premios extraordinarios. Cada premio estará dotado con 1.000 €.

**Requisitos das persoas solicitantes** (ao remate de presentación de solicitudes):

- Ter cursado durante o ano académico 2022/23 cuarto curso de ESO no réxime ordinario en calquera dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Estar proposto polo equipo docente para a expedición do título de graduado en educación secundaria.
- Ter obtido no conxunto dos catro cursos de educación secundaria obrigatoria unha nota media igual ou superior a 9,00 puntos.

**Solicitudes:**

- As solicitudes de participación presentaranse preferiblemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na aplicación informática «[PremiosEdu](#)», accesible desde a [sede electrónica](#) da Xunta de Galicia, ou directamente desde a propia aplicación «PremiosEdu». Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
- As solicitudes subscribiranas directamente as persoas interesadas con plena capacidade de obrar ou, se é o caso, os/as representantes legais das persoas solicitantes.

Na páxina principal da aplicación informática «[PremiosEdu](#)» amósanse instrucións de axuda para cubrir, asinar e presentar a solicitude de xeito telemático.

**Prazo reclamación para emendar erros e a falta de documentación:** 10 días trala publicación provisional de solicitudes admitidas e excluídas.

**Data da realización da proba para a obtención do premio:** 6 de setembro de 2023.

**Lugar e hora da proba:** daranse a coñecer mediante resolución publicada no DOG e no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<https://www.edu.xunta.gal>). As persoas candidatas deberán realizar a proba, con carácter xeral, na provincia á que pertenza o centro educativo no que se atope o seu expediente educativo.

**Para a realización da proba** as persoas candidatas acreditarán a súa identidade co DNI, pasaporte ou calquera outro documento recoñecido en dereito.